

1. VALORACIÓN GLOBAL.

Describe-se o plano de SOGAMA pero non os planos comarcais alternativos en vigor (cítan-se pero non se describen as accións, instalación e obxectivos dos mesmos), polo que o documento resulta claramente insuficiente en relación ao que establece a Lei 10/97 de 22 de agosto, de RSU de Galiza. En todo caso, por esta razón, as alegacións referen-se ao plano de SOGAMA que é o que se recolle no documento.

Cumpre aclarar, en relación cos motivos desta adaptación (pax. 6), supostamente a recente aprobación de directivas e leis que modificaron o marco lexislativo, que a referida Directiva da UE sobre envases e residuos de envases está aprobada e vixente hai mais de 4 anos (1994), que os borradores da mesma circularan durante varios anos antes, mentres a Xunta elaboraba o seu proxecto de 1992, sen ter en conta ningún dos criterios avanzados que se manexaban a nivel europeo, nen tampouco os tantas veces mentados criterios do 51 Programa de acción Medioambiental da UE, aprobado o 17 de maio de 1993. Ven isto a conto, non para por de manifesto a grave desorientación que rexiu as actuacións da Xunta nesta materia durante toda a década dos 90, senon coa finalidade de que a historia non se repita nos próximos anos, ou no primeiro quinquenio do 2000.

En tal sentido, a Adaptación do Plano que se presenta á información pública apenas garante o cumprimento dos mínimos requeridos pola Lei 11/1997, de 24 de abril, de Envases e Resíduos de Envases, xa que:

a) As accións establecidas coa finalidade de reducir a cantidade de residuos de envases, cun obxectivo do 10%, son claramente insuficientes, e todo indica que con este plano seguirá-se a incrementar a xeración deste tipo de residuos.

b) Están ausentes calquera outra medida de minimización. En tal sentido, non se cumpre cos establecido sobre a redución cualitativa, referida á redución de contaminantes tais como os metais pesados nos materiais de envases e residuos de envases.

c) As unicas modificacións no programa de recollida selectiva referen-se ao número de contentores, que sorprendentemente pasan de considerarse uns 1000 na versión anterior do plano a mais de 37.000 para o caso do papel e 26.000 para plásticos. A organización da recollida selectiva segue sendo altamente deficiente, polo que dificultará a participación cidadá,

e dificilmente permitirá atinxir os obxectivos mínimos do 25% de reciclaxe dos residuos de envases.

d) Polo anterior, o plano é economicamente inviábel no rural, agravando-se os custos en relación á versión anterior.

e) Mantén-se en todo o esencial as instalacións de recollida conxunta do lixo, transferencia e transporte, tratamento e eliminación (incineración), así como a súa capacidade, o que nos indica que, no ámbito do plano, a maior parte do lixo seguirá a vía de incineración, no canto da redución, a reutilización e a reciclaxe.

Sen embargo, as modificacións inclúen dentro do plano (aínda que citando-os unicamente) os planos comarcais alternativos, que si prevén promedios de reciclaxe do 70%, polo que podería ocorrer que o cumprimento dese mínimo de reciclaxe no conxunto do país se acade exclusivamente a conta dos planos alternativos.

En resumo, trata-se dunha adaptación forzada para cumprir os obxectivos mínimos exigidos pola actual lei de envases e residuos de envases: 4% de redución e 10% de reciclaxe, sen que facilite a súa superación. Sendo previsíbel que estes mínimos se vaian elevando progresivamente, a medida que se constata a viabilidade e o interese ambiental das opcións máis avanzadas, como son as marcadas polos planos alternativos (que teñen obxectivos de reciclaxe do 70-80%), o plano de SOGAMA non tardará en estar novamente fora de lei.

2. CARÁCTER INTEGRAL.

Dí-se que o Plano se rixe polo principio de integración (pax. 18), que se explica como a inclusión de todos os tipos de tratamento que den unha solución total ao problema do lixo@ (pax. 46). Porén, nen isto é certo no caso do plano de SOGAMA, nen esa é a definición de método integral:

- Primeiro, non inclúe todos os tipos de tratamento, senon que opta en exclusiva pola elaboración de combustible e a incineración, desbotando os tratamentos biolóxicos, tais como a compostaxe aeróbia e anaeróbia (biogás).

- Segundo, non dá solución total ao grave problema dos residuos, senon que desde o aspecto da cantidade de Resíduos Tóxicos e Perigosos xerados, ten lugar un forte incremento, practicamente a súa multiplicación por un factor de 10, xa que as mais de 50.000 Tm de cinzas tóxicas xeradas na incineración (ás que habería que sumar no seu caso as escórias e outros refugallos tóxicos) só terán como solución o seu vertido.

- Terceiro, non é unha solución integral aos Resíduos Sólidos Urbanos, xa que só aborda o lixo doméstico, pero non así os lodos de depuradora nen os residuos de derrubo (tamén RSU), nen outros como os residuos forestais que requiren dunha solución que si aportan os planos comarcais.

3. PREVISIÓN DE CRECIMENTO DA XERACIÓN DE LIXO.

Estima-se a xeración de lixo na Galiza, no ano 1996, en 810.000 Tm. En 1990, o MOPT contabilizaba unhas 752.000 Tm. O plano da Xunta de 1992 asumía esta cifra como punto de partida e predicía un incremento anual do 3%, especialmente da fracción de plásticos. Así, dimensionaban unha incineradora con capacidade para queimar até mais de 1.200.000 Tm, cantidade que preveían atinxir no período de 25 anos.

Pero como podemos calcular, o incremento foi de 68.000 Tm neste período de 6 anos, menos da metade do 3% previsto, que suporía un incremento de 146.000 Tm. O crecemento real foi do 1,25%, pero na adaptación segue-se prevendo un crecemento do 2% anual (pax. 29).

Hoxe, a Lei de residuos de envases establece o obxectivo dun 10% de redución dos mesmos, o que se traduciría nunha redución global de aprox. o 4%. Se temos en conta que a cantidade de materia orgánica no lixo e a súa xeración total está-se reducindo lixeiramente, resulta claro que a previsión de incremento do 2% é contraditoria cos obxectivos que, en teoría, din alcanzar, e que o marco legal fixa.

4. AS OBRIGACIÓNS DOS CONCELLOS QUE TEÑAN PLANOS ALTERNATIVOS.

O parágrafo 3 da pax. 40 é claramente incompatible coa independencia dos concellos, ademais de marcar unha prioridade contraria ao principio de redución do impacto ambiental. Literalmente, obriga aos concellos a incinerar, incluso se deciden non participar en SOGAMA.

En primeiro lugar, no mesmo punto, di-se que os concellos implantarán a recollida selectiva como fase fundamental para a Valorización dos residuos, o cal é un contrasentido, pois a recollida selectiva só é necesaria para a reciclaxe (dos inertes e da materia orgánica na forma de compost) pero non para a valorización enerxética mediante incineración.

En segundo lugar, os planos comarcais contemplan unha redución do vertido final de mais do 80%, mediante redución, reutilización e reciclaxe, e a estabilización e vertido como inerte da fracción restante (entorno ao 20%, ou mesmo inferior). Comparativamente, o plano de SOGAMA xerará un 18% de escórias e cinzas tóxicas, ademais doutros residuos non aproveitábeis. O resultado é claramente favorábel para os planos que non contemplan a incineración (cantidades similares de vertido, pero de refugallos tóxicos no caso de SOGAMA e de refugallos inertes no caso dos restantes planos). Porén, como se dixo, este punto 3 da pax. 40 obrigaría a estes planos alternativos a conveter os seus residuos inertes en residuos tóxicos, sometendo-os á incineración (valorización enerxética) como etapa previa ao vertido.

5. O PLANO DELEGA A RESPONSABILIDADE DOS RESULTADOS DA RECICLAXE NA POBOACIÓN, AO TEMPO QUE DIFICULTA A SUA COLABORACIÓN: O MODELO DE RECOLLIDA SELECTIVA.

Na pax. 19 di-se, entre outras cousas, que Ao éxito da reciclaxe depende en grande medida da colaboración cidadá@, o que é sen dúbida certo, pero tamén é certo que a colaboración cidadá depende de que se poñan os medios para facilitá-la. Así o parece recoñecer na pax. 50 cando se di que ACombinando unha Recollida Selectiva amplamente difundida e correctamente planificada, e os adecuados sistemas de separación e tratamento é posible alcanzar cotas de Reciclaxe de materiais moi altas@. É xusto recoñecer este cambio de opinión dos xestores do plano (anteriormente algúns afirmaban que era imposible chegar ao 20% de reciclaxe), se ben de novo trae á mente a contradición do plano, que tamén prevé **altas cotas de valorización enerxética de materiais,** xa que a capacidade da incineradora non se reduciu.

Cumpre por tanto analizar a planificación que se fai da recollida selectiva, para sabermos a que ater-nos. Pero é este un tema difícil, en certo sentido dado as numerosas contradicións e erros que existen ao longo do documento.

Así, non fica claro cales son os materiais a recoller selectivamente: fracción seca, papel e cartón, vidro e fracción húmida (pax. 51); plásticos, latas, vidro, papel/cartón, pilas e Arechazo@ (pax. 57); ou **papel, fracción seca, vidro e resto (pax 75)**. Ficaremos con esta

última, que coincide coa primeira, se chamamos ao resto fracción húmida, xa que a segunda é a que había na versión do plano de novembro de 1996, que suporemos por tanto substituída. Desta forma, o gráfico da pax. 57 non sería correcto.

Este último modelo de recollida selectiva (**papel, fracción seca, vidro, resto**) parece que é tamén a que se ten en conta á hora de estimar os medios de recollida. Non hai por tanto recollida selectiva de materia orgánica (fracción húmida), senon que esta última irá no contentor do resto. A consecuencia é que a súa calidade para elaborar compost non será adecuada, contradicindo neste punto as recomendacións feitas polo Consello Galego do Meio Ambiente.

En canto aos medios para recoller papel/cartón, vidro e fracción seca, o plano estiman as seguintes necesidades:

- 37.074 contentores de papel, de 800 litros

- 25.974 contentores de fracción seca (plásticos?, din que a chatarra non) de 800 l

- 1464 contentores de vidro, de 2.500 l

prevendo que participará un 75% da poboación na recollida selectiva, e que esta se realizará 1 vez por semana.

Sen dúbida, incrementaron-se as cantidades de contentores previstas na versión anterior (96/97: 518 contentores para vidro, 850 para papel e 1275 para plásticos), mesmo até o punto de que o número de contentores de papel excede con creces as estimacións realizadas por ADEGA, que as cifraba en aprox. 6000 para toda Galiza. Segundo se explica no documento, nestas estimacións non se tiveron en conta máis factores que o volume de cada fracción a recoller e a frecuencia, factores que nada teñen que ver coa necesidade de facilitar a participación cidadá. Consideramos, como se argumenta na alternativa de ADEGA que se deberían ter en conta os seguintes factores:

- O modelo de recollida selectiva non debe ser xenérico para todo o país (ciudades, vilas, rural), senon que se debe adaptar as características de cada ámbito, tanto para facilitar a participación como minimizar os custos para os concellos. O modelo escollido será inviable economicamente no rural.

- É moi positivo, dentro de cada ámbito, instalar illas de reciclaxe que contén con todos os contentores de un só componente, xa que isto facilita a colaboración cidadá: non sería necesario andar a buscar en sitios distintos o contentor para cada resíduo. Ademais, isto unifica a imaxe do sistema facilitando mesmo as campañas de concienciación. Polo contrario, o plano prevé cantidades diferentes para cada tipo de contentor.

- O número de contentores de vidro segue sendo claramente insuficiente. Mentres, o número de contentores de papel e fracción seca resultan claramente excesivos, polo que o seu manexo (recollida, lavado, etc) fará insostible economicamente o modelo, incluso nas cidades. Mesmo no referido ao espazo urbano, este modelo require triplicar o número de contentores convencionais de lixo que hai actualmente, e iso só para unha baixa cota de reciclaxe (ese 25% de residuos de envases, que supoñen só o 10% do lixo). Incluso no caso de que a participación cidadá fose alta, moitos dos plásticos e outros materiais (mixtos) que se recollerían no contentor de fracción seca non serían reciclábeis, polo que estaríamos pedindo a colaboración cidadá para que logo o material recollido selectivamente acabase na incineradora. Isto pode ser causa do fracaso do plano e dunha frustración social moi difícil de recuperar.

En definitiva, o modelo elixido, a súa combinación cun sistema de eliminación altamente contaminante (incineración) e o carácter centralizado do plano (debate das empacadoras) entorpecen a colaboración cidadá mais que favorece-la. O fracaso semella entón seguro. En tal sentido, os resultados da experiencia piloto, da que depende o modelo final, poden ser pouco orientativos, a parte de servir para establecer os custos do modelo.

Chama a atención que os medios de recollida selectiva se calculen para toda Galiza e non para o ámbito de SOGAMA. Poderíamos deducir que a Xunta vai financiar a recollida selectiva dos planos alternativos, pero tal extremo non se especifica claramente. En todo caso, non se teñen en conta as exixencias dos planos alternativos en tal sentido: nen o tipo de contentores nen o seu tamaño coinciden cos elixidos polos planos alternativos.

Compre, por último, por de manifesto que SOGAMA non é quen de xestionar os escasos centos de contentores de recollida selectiva entregados aos concellos membros até o día de hoxe: utilizan-se para o lixo conxunto, e isto podería continuar así.

RECOLLIDA DE PILAS E RESIDUOS DOMÉSTICOS TÓXICOS E PERIGOSOS (RDTP).

Establecen-se meios (contentores) para a recollida de pilas eléctricas, pero non se fala da necesidade de separar en orixen e recoller selectivamente non só as pilas, senon todos, ou cando menos a maior parte, os residuos tóxicos, tais como medicamentos, vernices, pinturas, cosméticos, lámparas e tubos fluorescentes, entre outros. Tampouco se establece ningún tipo de redución da carga tóxica dos materiais de envases e embalaxe (redución do contido en metais pesados, por exemplo) nen da presenza de determinados produtos ambientalmente mui daniños, tais como o PVC. Os puntos limpos previstos, aparte de non estar detallados, son claramente insuficientes.

PLANTAS DE SELECCIÓN.

Fala-se de 4 Plantas de selección, a situar cerca das estacións de transferencia (pax. 79), pero non existe a descripción das mesmas, nen tampouco nas versións anteriores do plano. Dí-se na pax. 51 que os concellos entregarán a fracción seca e o papel nas instalacións de selección, o que implicaría que terían que realizar o transporte das cantidades recollidas a grandes distancias nos mesmos camiños de recollida. A inversión para estas plantas de selección estima-se en 160 millóns de Ptas, claramente insuficiente, pero ademáis, tal inversión non se recolle no cadro final da px. 84.

PONTOS LIMPOS

Contemplan-se 18 puntos limpos a instalar en todo o país, sen dicir onde deberían estar nen aportar a descripción dos mesmos: en que consistirán, instalacións necesarias, obxectivos. Só se di que recollerán voluminosos e algún residuo tóxico. Nos documentos previos, nen no plano de 1992 tampouco se describían estas instalacións.

PLANTA DE RECUPERACIÓN

Mencionase como parte dos medios de recollida selectiva e reciclaxe unha planta de recuperación a situar en Cerceda (pax. 61). Non indican as súas características, polo que temos que supor que se trata da chamada nos documentos anteriores APlanta de Reciclaxe, Tratamento e Elaboración de Combustíbel@ (PRTEC). En tal sentido, tal instalación ten pouco de recuperación, xa que do lixo unha vez triturado só se poderá extraer a chatarra. A súa eficacia recuperadora será inferior ao 3%. Trátase polo contrario dunha planta de tratamento do lixo para a súa eliminación por incineración, polo que, a efectos do computo de inversións correspondentes a cada un dos programas, debe-se considerar entre os medios de eliminación final.

ESTACIONES DE TRANSFERENCIA

Contemplan-se 18 plantas de transferencia valoradas nunha inversión total de 2302 millóns de Ptas. Na versión de novembro de 1996 eran 8 plantas de transferencia valoradas en 2731 millóns de ptas. A E.T. de Guixar requiriu unha inversión de 675 millóns de ptas. No presente documento preven-se 4 E.T. cunha capacidade similar á esta de Guixar, pero cun custo de só 250 millóns de Ptas. Non se explican cales van ser as diferencias existentes, xa que os proxectos básicos válidos han de ser os sometidos a exposición pública en xullo de 1997. Se se cambia este, deberían-se especificar as modificación no presente documento.

Pero díse que as inversións necesarias dependerán, entre outros factores, dos requirimentos de tipo ambiental a que se sometan. Preve-se acaso que sexan moi inferiores os requirimentos para as seguintes E.T.? Por outro lado, o importe da inversión para as restantes 14 é aínda moi inferior, de 93 millóns de ptas cada unha.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE VERTEDEIROS.

Permanecerán activos até mais alo do 2000, indicando-se que se manterán nas mellors condicións ambientais, pero non se especifican cales serán esas condicións, nen cales serán as medidas que a Xunta tomará de forma provisional. Un ano depois de aprobar-se a Lei de RSU de Galicia, os vertedeiros seguen ardendo igual que antes.

FASES DE ACTUACIÓN

Describe-se de forma vaga o calendario de actuacións, no que é de salientar que as medidas de minimización e reutilización só aparecen a partir do segundo semestre do ano 1999.

ORZAMENTOS.

Manteñen-se cantidades ínfimas para a redución e a reutilización, incrementando-se só apreciablemente a cantidade correspondente aos medios de recollida selectiva que, como xa temos visto, corresponden a un modelo pouco efectivo. O reparto das inversións para cada tipo de actuación é o seguinte:

Millóns de Ptas %

Minimización: 450 1,4

Reutilización 530 1,6

Recollida selectiva e reciclaxe: 4985 15,2

Eliminación 81,8

- Est. Transferencia 2302

- PRTEC 6683

- Incineradora 17972

TOTAL 32982 100

Como vemos, mantense o grosso da inversión destinada á eliminación por incineración, que ademais require a construción das estacións de transferencia e a planta de elaboración de combustible (PRTEC). Na versión anterior do plano, nesta partida tamén incluía as inversións en contedores e camiós de recollida convencional, inversións que agora non aparecen contabilizadas pero que serán necesarias e que incrementarán a cuantía do capítulo de eliminación. As inversións están por tanto claramente descompensadas, discriminando ás actuacións correspondentes aos 3Rs: Redución, Reutilización e Reciclaxe), que só contabilizan, no mellor dos casos, o 18% das inversións.

CUSTOS

SOGAMA estimou os custos de recollida do seu plano en 10.800 Ptas/Tm, considerando que 6.000 Ptas corresponden á recollida convencional (situación actual), e 4.800 Ptas á sobrecarga pola recollida selectiva. O custo desta recollida resulta claramente superior ao do proxecto do Morrazo (8.500 Ptas/Tm), pero o realmente significativo non é esta diferenza aparente (2.300 Ptas/Tm mais no de SOGAMA), senon a diferenza que existe se temos en conta a eficacia da recollida selectiva e reciclaxe: o compromiso de SOGAMA coa UE é de reciclar o 26% dos residuos de envases, o que resulta nun 10% sobre o total do lixo. O sobrecusto de 4.800 Ptas/Tm ten por obxecto a recollida selectiva dese 10%, resultando por tanto:

$(4.800/10)*100 = 48.000$ Ptas/Tm reciclada

Polo contrario, o sobrecusto no plano do Morrazo é de 2.500 Ptas/Tm, e o rendimento en reciclaxe previsto é do 73% sobre o lixo global. Resulta por tanto:

$(2.500/73)*100 = 3.425$ Ptas/Tm reciclada.

As diferéncias resultan abrumadoras.

Aliás, temos o custo de tratamento da fracción non reciclábel, que tamén é maior no caos de SOGAMA, que o estima en 4.500 Ptas/Tm, fronte ás 2.900 do Morrazo. Por tratar-se de incineración, subxeita ao mercado eléctrico e as subvencións que este recibe, e subxeita tamén á necesidade de incluír maiores controles ambientais así como á ecotaxas, o custo de tratamento de SOGAMA poderá-se ir incrementando indefinidamente.

Manuel Soto Castiñeira, con D.I. 76 348 287, Presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA, con domicilio a efectos de notificación en Rúa de Touro 21-21, 15704-Santiago, actuando en nome da devandita Asociación,

EXPON QUE:

Estando a exposición pública, por resolución do 21 de abril de 1998, a adaptación do Plan de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos de Galicia,

Considerando que tal adaptación resulta insuficiente para garantir unha xestión ecolóxica do lixo no noso país debido a que se fundamenta na incineración do lixo, á que destinarian unhas 500.000 Tm anuais (mais do 80% do lixo do ámbito SOGAMA) así como o 82% do orzamento do plano no ámbito de SOGAMA-Xunta, e que a incineración conleva unha forte contaminación, tal como se expón na documentación adxunta.

Considerando que as opcións de redución en orixen e reutilización, con só o 3% do orzamento, están claramente marxinadas, cando deberían ter un papel preponderante na xestión, xuntamente co recollida selectiva e a reciclaxe

Considerando que os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe, avaliados nun 26% dos materiais de envases e embalaxes, o que resulta en aproximadamente o 10% do lixo total, son claramente insuficientes, e que poden ser doadamente incrementados até un 70-80% como contemplan os planos alternativos a SOGAMA

Recoñecendo que hai un incremento significativo das inversións destinadas á medios de recollida selectiva (que atinxe o 15% do total), pero que a organización da mesma e o modelo de R.S. é moi deficiente, con aspectos que dificultarán a participación cidadá e que disparan os custos da mesma

Considerando que globalmente o plano non se axusta ás propostas que ten feito ADEGA, e que tamén é moi dispar de calquera outra proposta baseada na recollida selectiva e a reciclaxe,

Considerando asimismo que a adaptación do plano non recolle as propostas aprobadas no Consello Galego do Meio Ambiente na primavera de 1997, especialmente no referido á necesidade e conveniencia de elaborar compost de calidade coa fracción orgánica recollida selectivamente en orixen

Por todo isto, ADEGA presenta as ALEGACIÖNS que acompañan o presente escrito, nas que se amplía a nosa valoración do plano, e

SOLICITA

A reformulación da actual proposta de xestión do lixo, desbotando a incineración como forma de xestión de calquera fracción do lixo, e optando pola recollida selectiva correctamente organizada e a reciclaxe e compostaxe das fraccións recollidas.

Con tal finalidade, ADEGA fai-lle entrega da súa proposta de xestión para o conxunto de Galiza, que consideramos válida como marco xeral para unha xestión ecolóxica do lixo.

Solicitamos asimesmo que, mentras se re-elabora o plano de xestión, se destinen os fondos disponíbeis a financiar a instalación dos planos comarcais baseados na reciclaxe: O Morrazo, A Coruña, O Barbanza, Illa de Arousa.